

CONTIDOS A TRABALLAR DURANTE A XORNADA:

- **Experiencias do Tic Tac 2013 e 2014:** esta actividade sobre voluntariado e organizada pola Deputación de A Coruña foi dirixida á mocidade, a comunidade educativa e a poboación xeral de diversos concellos da provincia. TIC TAC TOWN é un lugar moi especial : único, máximo e moi solidario. Un gran espazo de encontro onde se reúnen centros educativos e asociacións e entidades de cada vila na que o voluntariado é un eixe importante da súa organización. Nesta vila enténdese que o tempo é o máis valioso que posúe unha comunidade, e por iso debemos compartilo e coas demais persoas sen esperar nada a cambio.
- **Mesa redonda:** Experiencias e boas prácticas de desenvolvemento local e participación social.
 - Asociación aprendizaxe-servizo: a través desta mesa redonda aprenderemos que é esta práctica educativa e como se practica: na aprendizaxe-servizo os distintos colectivos identifican na súa contorna, e dende unha perspectiva crítica, unha necesidade social, ambiental ou cultural coa cal conectan e sensibilízanse, pasando ademais á acción: comprométese a mellorar algunha situación, desenvolvendo un proxecto solidario do cal se sinten protagonistas.
 - Voluntariado dixital (Xunta de Galicia): internet e as novas tecnoloxías están abrindo unha nova vía para realizar innovadoras formas de voluntariado. Dende a administración galega, entenden que deben ser motores desta nova oportunidade e ofrecer o seu coñecemento no ámbito das TIC para que diferentes áreas da administración, entidades e/ou organización públicas e privadas podan aproveitar estas novas oportunidades e formas de realizar accións solidarias.
 - Experiencia de desenvolvemento local: Concello de Padrón.
- **Conferencia:** Unha experiencia de Erasmus +: este programa céntrase na aprendizaxe formal e informal, con unha clara vocación de internacionalización, abríndose a novos países co obxectivo de mellorar as capacidades educativas e formativas das persoas para a empregabilidade de estudantes, profesorado e persoas traballador. Como podemos participar nesta experiencia dende un Concello? Que nos pode aportar compartir recursos humanos con outros países europeos?
- **Obradoiros:** durante a I Xornadas sobre voluntariado e política social poderemos participar nun dos seguintes obradoiros:
 - Sistemas de calidade nos SS.SS e programas de voluntariado.
 - Mellora da eficacia e a eficiencia dos proxectos sociais.
 - A inclusión social: do asistencialismo á emancipación.

